

RESOLUCIÓN DO 26 DE XANEIRO DO 2021, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2020/09, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL COAS PUNTUACIÓNS DO CONCURSO DE MÉRITOS.

En sesión que tivo lugar o 26 de xaneiro do 2021, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal mediante contrato de duración determinada para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional coas puntuacións do concurso de méritos dos candidatos/as, de conformidade co disposto no artigo 7 das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2020/09.

Segundo.- Facer pública a lista provisional coas puntuacións do concurso de méritos dos/as candidatos/as, que figura no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 7 das bases que rexen o proceso, os/as candidatos/as disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, para presentar as pertinentes reclamacións perante a Comisión de Selección, preferentemente na Oficina de Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de reclamacións. Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo reclamacións.

O prazo remata o vindeiro xoves 28 de xaneiro do 2021, inclusive.

Cuarto.- A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na publicación da resolución da correspondente lista definitiva coas puntuacións do concurso de méritos.

Quinto.- De conformidade co disposto no artigo 7.2. das bases da convocatoria, pasarán á fase de entrevista os candidatos/as que acaden una puntuación igual ou inferior en dous puntos con respecto ao candidato/a que obteña a maior puntuación. En caso de que ningún outro/a aspirante se atope nesta circunstancia, e para garantir o cumprimento do principio de concorrencia, establécese que en todo caso serán convocados á entrevista un mínimo de 20 candidatos/as. A data e a hora das entrevistas publicaranse xunto coa lista definitiva coas puntuacións do concurso de méritos.

San Cibrao das Viñas, 26 de xaneiro do 2021.

A presidenta da Comisión de Selección



Emilia Díaz Losada.

ANEXO I

APELIDOS	NOME	Puntuacións provisionais do concurso de méritos
VÁZQUEZ SANDE	LUIS	16,40
BARRIO CARBALLO	JOSÉ CARLOS	14,15
ALONSO GONZÁLEZ	ELISA	14,14
COBAS GARCÍA	NOEMÍ	13,60
RODRÍGUEZ CABO	TAMARA	12,10
AGREGÁN PÉREZ	RUBÉN	11,80
PENÍN SÁNCHEZ	LUCÍA	11,40
CUTILLAS BARREIRO	LAURA	10,83
GARCÍA PRESEDO	IGNACIO	10,50
BELDRÓN BARRIO	FRANCISCO JAVIER	10,00
GÓMEZ LIMIA	LUCÍA	5,90
PÉREZ MONZÓN	PATRICIA	3,50
VÁZQUEZ REINOSO	MARÍA	2,45
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	MIRIAM	2,05
SERRANO COBO	MARÍA DEL MAR	0,00